

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 16 DE FEBREIRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de Lei de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 138/2008, do 22 de maio, polo que se regula a sinalización turística de Galicia, e se aproba o Manual de sinalización turística de Galicia.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Decreto de creación da Confraría de Pescadores de Vilaboa "Pedra de Oliveira".

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a implantación das medidas necesarias para a plena execución do II Plan de Avaliación de Entidades Dependentes da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se crea a Comisión Técnica de Seguimento para a constitución da Corporación RTVG.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico Montes de Abella (concellos de Triacastela, Samos e Láncara) como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, de acordo co previsto na lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado da convocatoria para o exercicio 2012 das axudas do Igape para a contratación de xestores de internacionalización, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do Programa operativo FSE Galicia 2007-2013, e se exige de constitución de garantías nos pagamentos á conta.
- Acordo polo que se exige de constitución de garantías nos pagamentos á conta nas axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o novo Hospital de Pontevedra.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos á conta e pagamentos anticipados en porcentaxe superior aos recollidos no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012, e se autoriza a exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Importe total de dous millóns cen mil euros (2.100.000,00 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o estado de situación do I Plan de Avaliación de Entidades Dependentes da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia do 2 de febreiro de 2012 do director de Augas de Galicia das actuacións de emerxencia de inmediata execución de obras de captación de augas desde o río Ferreira para garantir a subministración de auga á ETAP de Recelle, para solventar a situación de grave perigo derivada pola seca das captacións que alimentan o depósito de San Pedro de Recelle, concello de Portomarín, cun importe de douscentos oitenta mil oitocentos corenta euros (280.840,00 euros).

Autorízase tamén ao Consello da Xunta para revisar as retribucións do persoal directivo dos entes instrumentais, así como das dietas por asistencia a consellos de administración

A XUNTA APROBA MEDIDAS NA ADMINISTRACIÓN QUE PERMITEN MANTER OS SALARIOS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS

- *Os únicos que verán reducidas as súas retribucións serán os ex altos cargos*
- *A aprobación desta lei non implica a redución de xornada nin para os funcionarios nin para os interinos, e en ningún caso afectará aos de sanidade e educación*
- *Todas as medidas que toma o Goberno galego xa están implantadas noutras autonomías e a comunidade non inclúe ningunha adicional*
- *As medidas serán temporais e revisaranse no ano 2014 en función da evolución do PIB autonómico e non afectarán á prestación do servizo aos administrados*
- *Galicia é a comunidade que regula con mellores condicións para os empregados públicos a incapacidade temporal*
- *Os empregados públicos galegos terán os mesmo días de libre disposición que os estatais*

O Goberno galego aprobou hoxe o proxecto de lei de medidas temporais en determinadas materias do emprego público, un paquete de actuacións na Administración e que permiten que esta comunidade, ao contrario do que fixo o anterior Goberno central e polo menos tres comunidades, non tocar as retribucións dos empregados públicos.

Os únicos que verán reducidos os seus salarios serán os funcionarios ex altos cargos, xa que Galicia se converte nunha das dúas únicas comunidades en suspender o complemento dos ex altos cargos, polo que este colectivo si verá diminuídos os seus ingresos.

Autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para que, en base a parámetros obxectivos, poida revisar as retribucións do persoal directivo dos entes instrumentais do sector público autonómico, así como das dietas por asistencia a consellos de administración.

A aprobación desta norma non implica a redución de xornada nin para os funcionarios nin para os interinos. Todas as medidas que toma o Executivo autonómico xa están implantadas noutras autonomías, polo que a Comunidade galega optou por non executar ningunha iniciativa adicional o novidosa. Ademais, estas medidas teñen igual ou menor intensidade que nas demais autonomías.

Como exemplo, Galicia será a comunidade que regulará con mellores condicións para os empregados públicos a incapacidade temporal, algo que teñen implantado outras cinco autonomías, País Vasco, Madrid, Canarias, Valencia e La Rioja. Así, o Goberno galego completará o 100% do salario desde o primeiro día de baixa cando sexa por enfermidade profesional, accidente laboral, maternidade e por enfermidade común cando conleve intervención cirúrxica ou hospitalización. Igualmente aboarase o 100% desde o primeiro día para as contixencias relacionadas co risco por embarazo, risco durante a lactancia natural e paternidade.

As medidas serán temporais e serán revisadas no ano 2014 en función da evolución do PIB autonómico, serán para todo o persoal dependente da Administración autonómica, pero non afectará á prestación do servizo aos cidadáns. Cando entre en vigor esta lei os empregados públicos galegos manterán os seus días de vacacións e terán os mesmos días de libre disposición que teñen recoñecidos os estatais, segundo o Estatuto Básico do Empregado Público.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A MODIFICACIÓN DO DECRETO POLO QUE SE REGULA A SINALIZACIÓN TURÍSTICA DE GALICIA

- ***A modificación que se aprobou obedece, ademais de a razóns legais e técnicas, a cuestións relacionadas coa estratexia de marketing, debido fundamentalmente á aprobación da marca Galicia como paraugas para o desenvolvemento e promoción do turismo de Galicia***
- ***Con este decreto apróbase tamén o Manual de sinalización turística de Galicia, que substitúe o catálogo de sinais que acompañaba o Decreto 138/2008***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación do Decreto 138/2008, do 22 de maio, polo que se regula a sinalización turística de Galicia.

A finalidade do decreto do ano 2008 de sinalización turística para a Comunidade Autónoma de Galicia era harmonizar a sinalización turística na comunidade para facilitar a ordenación, o coñecemento e o acceso aos recursos turísticos.

Sen perder a súa vixencia e efectividade, a modificación que agora se aproba obedece aos cambios introducidos na estratexia de marketing turístico coa aprobación da marca Galicia como paraugas para o desenvolvemento e promoción do turismo de Galicia.

Ademais, no tocante ás razóns legais polas que se modifica o decreto, esta modificación ten a súa razón de ser nos cambios introducidos na normativa turística coa aprobación da Lei 7/2011, do 25 de outubro, do turismo de Galicia, que recolle o concepto de xeodestino como un instrumento planificador, de investimento e promoción da política turística no territorio.

No relacionado cos motivos técnicos, con este decreto apróbase tamén o Manual de sinalización turística de Galicia que substitúe o catálogo de sinais que acompañaba o Decreto 138/2008. Este manual reforza a sinalización ao retomar pictogramas de uso internacional, mellora a visibilidade dos sinais, ao cambiar o fondo cromático de difícil visibilidade nocturna actualmente, e incorpora novos pictogramas de recursos existentes como a ruta do viño.

Esta modificación contribuirá a mellorar a accesibilidade aos recursos turísticos e a unha mellor comprensión destes.

A XUNTA MODIFICA OS PREZOS DAS RESIDENCIAS DE TEMPO LIBRE DE PANXÓN E O CARBALLIÑO E INTRODUCE NOVOS DESCONTOS

- ***Inclúense novos descontos para os usuarios, polo que as persoas con discapacidade aforrarán un 10 por cento sobre os prezos e as mulleres vítimas de violencia de xénero un 50 por cento***
- ***Cada un dos centros conta cun total de 120 prazas***
- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o novo decreto polo que se actualizan ao IPC as taxas destas instalacións***

A Consellería de Traballo e Benestar actualizará ao IPC as taxas polo uso das residencias de tempo libre situadas en Panxón (Pontevedra) e O Carballiño (Ourense). Así, modificará os prezos que non se actualizaban desde o ano 2003 ao tempo que introducirá novos descontos para os usuarios.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se establecen as novas contías dos prezos para estes centros que contan con 120 prazas cada un. Desta maneira, as taxas para o uso das instalacións en tempada baixa serán de 23 euros por persoa e día para cuartos de dúas ou máis camas e de 27 euros por persoa e día para cuartos individuais.

En tempada media, os prezos serán de 27 euros por persoa e día para cuartos de dúas ou máis camas e de 31 euros por persoa e día para cuartos individuais. Pola súa banda, en tempada alta, o prezo por persoa e día será de 36 euros.

Por outra banda, aos descontos existentes na actualidade sumaranse dous novos: as persoas con discapacidade poderán aforrar un 10 por cento sobre os prezos marcados e as mulleres vítimas de violencia de xénero un 50 por cento.

Ademais, mantéñense os descontos para os nenos e nenas menores de dous anos que non utilicen os servizos de comedor ou durman nos cuartos dos seus responsables que quedan exentos; os nenos e nenas entre 2 e 12 anos ten un 50 por cento de desconto sobre o importe das estadias; as familias numerosas aboan un 30 por cento menos sobre o prezo final que resulte da súa estadia; as persoas maiores de 60 anos aboan un 10 por cento menos e, por último, os grupos integrados por persoas adultas e nenos e nenas maiores de 12 anos que excedan as 25 prazas para a mesma residencia e data en tempada baixa e media reciben un desconto do 10 por cento.

A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR CREA A CONFRARÍA DE VILABOA ATENDENDO UNHA ANTIGA DEMANDA DO SECTOR

Galicia contará con 63 confrarías tras a aprobación hoxe por parte do Consello da Xunta da creación da Confraría de Pescadores *Pedra de Oliveira* de Vilaboa, na provincia de Pontevedra. A Consellería do Medio Rural e do Mar procede á creación desta confraría atendendo a unha antiga demanda do sector da zona e en particular dos traballadores e traballadoras do mar pertencentes á Asociación *Pedra da Oliveira*.

O ámbito territorial desta confraría é o comprendido entre Punta Cabalo e Punta Aradoiro, no fondo da ría de Vigo, tendo o seu límite na pedra da Espiga. O departamento que dirixe Rosa Quintana procedeu á creación desta entidade tras comprobar que esta zona do litoral galego non está atribuída a ningunha outra confraría e que cumpre todos os requisitos para o seu funcionamento. Un deles é que os solicitantes constitúan, polo menos, as tres cuartas partes dos profesionais legalmente habilitados no ámbito territorial que se pretenda establecer, tal e como recolle a Lei de confrarías.

A confraría de Vilaboa contará co patrimonio e medios dos que dispoñía a Asociación de Mariscadores *Pedra da Oliveira*. Constitúese como un órgano de consulta e colaboración coa Administración, ademais de levar a cabo funcións de defensa dos intereses do sector. Así, a entidade poderá orientar a todos os seus membros sobre a aplicación da normativa do sector pesqueiro e velar polo seu cumprimento, orientalos sobre axudas da Administración, promover actividades de formación, colaborar na elaboración de estatísticas, xestionar as áreas en que traballan os socios a través de plans de xestión da entidade e responsabilizarse da vixilancia das zonas de dominio público incluídas nestes plans.

O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE Á EXECUCIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN DE RACIONALIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PARALELA

- ***O documento prevé eliminar ou reformularse un total de 25 organismos, e introducirse mellorar noutros 30***

O Consello da Xunta desta mañá deu luz verde á folla de ruta para a execución da segunda fase do Plan de Racionalización da Administración paralela, que permitirá eliminar ou reformular 25 organismos e introducir melloras noutros 30, o que suporá un aforro estimado de entre cinco e seis millóns de euros ás arcas públicas galegas.

Nesta segunda fase do plan, os técnicos e auditores da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa analizaron un total de 55 entes, pertencentes a todos os departamentos da Xunta de Galicia, agás á Consellería de Facenda, que xa participou na primeira quenda.

Tras esta auditoría, cuxos resultados viron a luz mes e medio antes do prazo inicialmente marcado, a Xunta decidiu extinguir o reformular 25 organismos e nos restantes 30, que terán que aplicar un paquete de melloras para buscar unha maior eficacia e eficiencia.

Así, o acordo ratificado hoxe polo Consello prevé a extinción do Consorcio Galicia 2005 Volta ao mundo a vela; os consorcios comarcais de bombeiros do Carballiño e do Ribeiro, Limia, Valdeorras, Verín, O Morrazo, O Salnés e Baixo Miño, O Condado e Louriña; Instituto Galego de Cooperación Iberoamericana (Igaci); o Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (Ceei Galicia); Fundación Mar de Galicia; Centro de Supercomputación de Galicia S.A. (Cesga); Consello Xuventude Galicia; Fundación Centro Tecnolóxico Téxtil; Fundación Centro Tecnolóxico da Carne; Fundación Centro Galego do Plástico; Agrupación de Consorcios Limia-Verín; Consorcio Audiovisual de Galicia; Turgalicia e o Instituto de Estudos Turísticos.

Así mesmo, ademais destas 24 extincións propónse a desvinculación da Xunta doutros dous entes: Cursos Internacionais Universidade de Santiago de Compostela e Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia (Fedexga); e dous máis que serán obxecto dunha profunda reformulación: a Sociedade Anónima de Xestión Plan Xacobeo e os catro Xestur provinciais, que se reconverterán nun só organismo de xestión do solo, supoñendo así a eliminación doutros tres entes.

O acordo tamén prevé o mantemento con melloras do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI); Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp); Escola Galega de Administración Pública (Egap); Fundación Galicia Europa; Consorcio Servizo contra Incendios e Salvamento das Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes; Consorcio Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA); Galicia

Calidade; Fundación Instituto Feiral da Coruña (Ifeco); Fundación Instituto Feiral de Vigo (Ifevi); Fundación de Exposicións e Congressos da Estrada; Fundación Feiras e Exposicións de Lugo e Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense).

Finalmente, tamén continuarán a Fundación Cidade da Cultura; o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC); Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios; Fundación de Medicina Xenómica; Fundación Pública de Urgencia Sanitarias 061; Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria Fegas; Instituto Galego de Oftalmoloxía (Ingo); Centro Oncolóxico de Galicia; Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia; Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga); Fondo Galego de Garantía Agraria Fogga; Xenética Fontao; Fundación Escola Agrícola Pedro Murias; Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar); a Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar); e Portos de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA A CREACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA DE SEGUIMIENTO PARA A CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN RTVG

- ***Esta comisión será a encargada de impulsar e coordinar todas as actuacións necesarias para facer efectivo o traspaso de activos e pasivos da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as sociedades Radiotelevisión de Galicia S.A. e Televisión de Galicia S.A. á futura Corporación RTVG***

O Consello da Xunta reunido hoxe aprobou a creación da Comisión Técnica de Seguimento para a constitución da Corporación RTVG. Esta comisión será a encargada de impulsar e coordinar todas as actuacións necesarias para facer efectivo o traspaso de activos e pasivos da Compañía de Radio-Televisión de Galicia (CRTVG) e as sociedades Radiotelevisión de Galicia S.A. e Televisión de Galicia S.A. á futura Corporación RTVG.

A creación desta comisión suporá un avance máis para dar cumprimento ao disposto na Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, que fixa o prazo dun ano, desde a súa entrada en vigor, para que se execute esa transmisión de activos e pasivos desde a CRTVG e as súas sociedades á Corporación RTVG.

A comisión técnica de seguimento estará integrada polos responsables da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, da Secretaría Xeral de Medios e da Dirección Xeral da propia Compañía de Radio-Televisión de Galicia (CRTVG), que xa viñan desenvolvendo, desde a aprobación da lei, os traballos preliminares para a constitución desta comisión.

A XUNTA APROBA O PARQUE EÓLICO MONTES DE ABELLA EN LUGO E CONTINÚA COA SÚA APOSTA A PROL DA EFICIENCIA DA EÓLICA GALEGA

- *O canon eólico recadou case 23 millóns de euros en 2012, unha cifra que en toda a lexislatura sumará 70 millóns de euros, destinados principalmente aos concellos*
- *Este parque está nos concellos de Láncara, Samos e Triacastela, e suporá un investimento na zona de 18 millóns de euros e a xeración de 70 postos de traballo*
- *Deste xeito, o Goberno galego continúa a traballar a prol do desenvolvemento eólico de Galicia, tendo en conta que o vento é un recurso rendible na Comunidade*
- *Coa enerxía eólica producida en Galicia sería posible abastecer, dúas veces a enerxía que consomen todas as familias da Comunidade*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou definitivamente o parque eólico Montes de Abella como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, o que supón o último paso na tramitación autonómica, permitindo á promotora do parque eólico solicitar a licenza municipal para o inicio das obras e continuando así coa aposta do Goberno galego a prol da eficiencia dos parques galegos.

Este parque está situado en terreos pertencentes aos concellos de Láncara, Samos e Triacastela, na provincia de Lugo. Cun orzamento superior aos 18 millóns de euros e a xeración de 70 postos de traballo, este proxecto contará con 7 aeroxeradores, unha produción anual de enerxía prevista de 33.794 MWh e uns ingresos anuais por concepto de canon eólico que ascenderán a 16.100 euros.

Deste xeito, o Goberno galego continúa a traballar a prol do desenvolvemento eólico de Galicia, de cara a situar a Comunidade Autónoma nunha posición de liderado neste eido, tendo en conta que o vento é un recurso rendible en Galicia. Os parques eólicos galegos alcanzan unha media superior ás 2.600 horas ao ano, en que os parques están a funcionar a pleno rendemento, moi por enriba das 2.220 horas de media dos parques españois.

En Galicia o 28% da electricidade xerada é eólica, o que permite que o 40% do consumo eléctrico en Galicia sexa abastecido coa enerxía eólica, coa cal sería posible abastecer, dúas veces, a enerxía que consomen todas as familias galegas. Ademais, cómpre lembrar que co canon eólico se recadaron case 23 millóns de euros en 2012, unha cifra que en toda a lexislatura sumará 70 millóns de euros, destinados principalmente aos concellos galegos.

Neste contexto de rendibilidade económica e enerxética, o Goberno galego continúa co desenvolvemento do concurso eólico, como un factor dinamizador da economía galega, e xa trasladou ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo as alternativas baseadas no alto nivel de eficiencia dos parques galegos.

A Xunta continuará a defender a rendibilidade da eólica galega no novo marco enerxético proposto polo actual Goberno de España e xurdido da acumulación de déficit enerxético, derivado da falta de política enerxética do anterior Executivo.

A XUNTA DESTINA ACHEGAS POR 12,5 MILLÓNS DE EUROS AO EIXO DE INTERNACIONALIZACIÓN PARA IMPULSAR O CRECEMENTO DAS EMPRESAS

- ***A Consellería de Economía e Industria alcanzará os 76 millóns de euros postos ao dispor das empresas galegas neste eido, ao longo de toda a lexislatura, o que supón un incremento do 55% en comparación co anterior período de Goberno***
- ***O Eixo de Internacionalización está orientado a obter resultados e favorecer que Galicia leve tres anos seguidos de crecemento das exportacións, nos cales as empresas sumaron bens exportados por valor de 42.681 millóns de euros***
- ***O obxectivo das bases autorizadas hoxe polo Consello da Xunta é facilitar a internacionalización das empresas galegas sen presenza no exterior e apoiar as compañías internacionalizadas para que melloren a súa posición nos mercados exteriores***
- ***O programa para facilitar a contratación de xestores de exportación case duplica a dotación do pasado ano, co obxectivo de duplicar tamén a contratación destes profesionais, chegando a máis dun cento no 2012***
- ***No programa de xestores, a consellería valorará especialmente as solicitudes que inclúan a contratación de xente nova, menor de 30 anos, en situación de desemprego e tamén priorizará os proxectos das zonas de influencia dos plans Impulsa Lugo e Ourense, Ferrol e Costa da Morte***

A Xunta destina ao financiamento das diferentes necesidades das empresas no desenvolvemento das súas estratexias de internacionalización partidas orzamentarias que suman 12,5 millóns de euros, neste exercicio, segundo os acordos aprobados hoxe polo Consello da Xunta, que autoriza as convocatorias e o correspondente gasto.

O obxectivo das bases autorizadas é facilitar a internacionalización das empresas galegas sen presenza no exterior e apoiar as compañías internacionalizadas para que melloren a súa posición nos mercados exteriores, poñendo ao seu dispor as liñas de axudas financeiras que poidan reforzar as estratexias de apertura cara ao exterior, xa que actualmente o mercado internacional é a vía de crecemento empresarial máis eficaz.

Deste xeito, a Xunta continúa co desenvolvemento dun dos alicerces da Consellería de Economía e Industria que ten posto en marcha o primeiro eixe específico de apoio á internacionalización que existe na Administración galega. Así, no peche do exercicio, a consellería alcanzará os 76 millóns de euros postos ao dispor das empresas galegas neste eido, ao longo de toda a lexislatura, o que supón un incremento do 55% en comparación co anterior período de Goberno.

Apoios á internacionalización e mellora dos servizos

Para continuar a apoiar as distintas necesidades das empresas no eido da internacionalización, a consellería destinará gran parte destes recursos a promover e facilitar a colaboración entre as empresas para que sexa posible que participen dun xeito

agrupado en eventos expositivos celebrados fóra de España, ademais de promover a súa inclusión en misións internacionais inversas de especial interese para os sectores estratéxicos da economía galega; a posta en marcha de accións de comunicación e difusión de marca; así como as actuacións de prospección internacional, imprescindibles para a apertura a outros mercados de interese, e o apoio á primeira implantación promocional conxunta no exterior (ao abeiro do Plan Primex).

Xestores de exportación nas empresas galegas

Ademais, en concreto, a partida para facilitar a contratación de xestores de exportación ascenderá, en 2012, aos 3 millóns de euros, e case duplica a dotación destinada o pasado ano a este programa. Deste xeito, o obxectivo é duplicar tamén a contratación de xestores por parte de empresas ou de organismos intermedios, como clúster o asociacións, pasando dos 51 profesionais contratados na edición 2011 a máis dun cento no 2012.

Deste xeito, o apoio da Xunta á contratación de xestores poderá cubrir ata o 75% do salario bruto anual, chegando a un límite máximo de 30.000 euros no caso de que os xestores desenvolvan a súa actividade no estranxeiro. No programa de contratación de xestores, a Consellería de Economía e Industria valorará especialmente as solicitudes que inclúan a contratación de xente nova, menor de 30 anos, en situación de desemprego

Tamén se priorizarán, en todas as liñas de apoio á internacionalización, os proxectos situados nas áreas de influencia dos plans Impulsa Lugo e Ourense, do Plan Ferrol, Eume e Ortegal e do Plan Revive Costa da Morte, de xeito que se valorarán especialmente as iniciativas situadas nestes territorios e a intensidade das axudas aos proxectos será maior nestas zonas, con apoios adicionais un 5% superiores.

Estas liñas de axuda do Igape están orientadas á mellora continuada dos servizos prestados ás empresas, especialmente ás pemes, e se completan con outras iniciativas como a Rede PexGa que está a atender as necesidades das empresas galegas en destino, centrándose no asesoramento especializado e individualizado.

Estratexia rendible e orientada a resultados

A iniciativas incluídas no Eixo de Internacionalización forman parte dunha estratexia da consellería orientada a obter resultados. Neste sentido, cómpre lembrar que en Galicia levamos tres anos seguidos de crecemento das exportacións, nos cales sumaron bens exportados por valor de 42.681 millóns de euros.

De xeito que en novembro, o último mes rexistrado, as exportacións galegas sumaron 1.750 millóns de euros, isto supón un incremento interanual do 43,5%, e sitúa a Galicia 30 puntos por riba da media española (13,4%). Ademais, a Comunidade acadou un saldo comercial de +586,95 millóns, mentres que España mantivo un valor negativo (-

2,674), isto supón un aumento interanual do 672%, en novembro de 2011 con respecto a 2010, e sitúa a Galicia como a segunda comunidade con maior saldo comercial de España.

A XUNTA DE GALICIA DÁ UN PASO MÁIS PARA A CONSTRUCCIÓN DO QUE SERÁ O NOVO HOSPITAL DE PONTEVEDRA

- ***O Consello da Xunta autoriza o acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o novo hospital da cidade do Lárez***

O Consello da Xunta de Galicia reunido no día de hoxe baixo a presidencia de Alberto Núñez Feijóo deu un paso máis cara á construción do que será o novo hospital da cidade de Pontevedra.

Así o executivo galego deu luz verde ao acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o novo hospital da cidade do Lárez, situado en Monte Carrasco, e que vai ser referencia na área sanitaria de Pontevedra, atendendo a unha poboación superior ás 300.000 persoas. Coa aprobación, anúlase o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o Hospital de Montecelo.

Este novo centro de Monte Carrasco, pertencente á rede sanitaria pública galega, está concibido para ser un hospital de futuro, coa incorporación de innovacións tecnolóxicas, integrado en rede co resto das estruturas hospitalarias e con posibilidades de crecemento, se for necesario.

Así pois, cumpridos os trámites previos, de acordo co procedemento establecido no artigo 134 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos de incidencia supramunicipal, solicitouse ao Consello da Xunta de Galicia a aprobación definitiva do proxecto para o novo hospital de Pontevedra, que se declaren de utilidade pública as obras, instalacións e servizos previstos, así como se declare a necesidade de ocupación para os efectos de expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto.

A XUNTA DESTINA 2,1 MILLÓNS DE EUROS Á INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE DOS 111 CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

- ***O Consello da Xunta aprobou esta orde, que beneficiará unhas 500 persoas con discapacidade***
- ***Esta orde é complementaria á que subvenciona o custo salarial para o mantemento dos 1.800 empregos para persoas con discapacidade que hai nestes centros, e que conta cun orzamento de 8 millóns de euros***
- ***A subvención máxima pode acadar os 12.000 euros por cada posto de traballo creado de carácter indefinido***

A Consellería de Traballo e Benestar destinará un total de 2,1 millóns de euros a unha orde que ten como obxectivo promover a integración laboral das persoas con discapacidade e a creación de postos de traballo a través dos 111 centros especiais de emprego que existen en Galicia, que empregan actualmente unhas 1.800 persoas con discapacidade.

O Consello da Xunta autorizou hoxe esta convocatoria. Hai que ter en conta que esta orde é complementaria á que subvenciona o custo salarial para o mantemento de emprego nestes centros, e que conta cun orzamento de 8 millóns de euros entre outubro do pasado ano e xuño deste ano. Ademais, proximamente tramitarase a orde que cubrirá os custos salariais do segundo semestre deste ano, e do primeiro do ano 2013. Este ano estableceuse, por primeira vez, esta regulación plurianual co fin de axilizar e non paralizar o pagamento destas axudas.

En concreto, a orde que se aprobou hoxe está baseada en dous programas: o de integración laboral das persoas con discapacidade, e as subvencións ás unidades de apoio e actividade profesional. Prevese que os beneficiarios concretos desta orde sexan unhas 500 persoas con discapacidade.

O primeiro programa, de integración laboral, ten por obxecto fomentar a creación, ampliación e o mantemento de emprego nestes centros, a través de axudas que apoién os proxectos xeradores de emprego. A subvención máxima pode acadar os 12.000 euros por cada posto de traballo creado de carácter indefinido. A través deste programa tamén se conceden subvencións para a adaptación de postos de traballo, así como axudas excepcionais para o saneamento financeiro e o equilibrio orzamentario co fin de favorecer a viabilidade destes centros.

Por outra banda, o segundo programa de subvención ás unidades de apoio á actividade profesional ten como finalidade promover a integración laboral das persoas con discapacidade con maiores dificultades de inserción a través do financiamento parcial do custo das unidades de apoio que traballan con este obxectivo.

Deste xeito, esta orde inscríbese na aposta da Xunta por fomentar o emprego entre as persoas con discapacidade, en canto que o acceso ao mercado laboral é un elemento decisivo para a súa integración plena na sociedade.

De acordo con este principio, a Consellería de Traballo e Benestar leva a cabo diversas actuacións específicas para a inserción deste colectivo, tanto a través da mellora da súa empregabilidade, como para conseguir a súa permanencia no mercado de traballo. Así, ademais dos centros especiais de emprego e entre outras actuacións, o departamento autonómico ten establecido incentivos para a contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria, e o programa de emprego con apoio.

A XUNTA REALIZARÁ UNHA OBRA DE EMERXENCIA NA PARROQUIA DE RECELLE, EN PORTOMARÍN, PARA RESOLVER OS PROBLEMAS DE ABASTECIMENTO

- ***O investimento comprometido é de máis de 280.000 euros***
- ***A obra está xustificada pola necesidade de garantir a subministración de auga a preto de 500 veciños, así como á maior concentración de granxas gandeiras do concello***
- ***O Concello de Portomarín asumiu o compromiso de realizar as xestións necesarias para conseguir os terreos***
- ***A Comunidade galega segue inmersa nun episodio de seca, que comezou coa escaseza de precipitacións na primavera e inicio de verán de 2011***

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou a declaración de emerxencia da obra de abastecemento na parroquia de Recelle, en Portomarín. Unha obra coa cal a Xunta resolverá os problemas de abastecemento que se rexistran na actualidade nunha das parroquias máis poboadas deste concello. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas investirá de 280.000 euros para a execución desta obra urxente, que se iniciou a semana pasada cos traballos de roza e topografía. Esta actuación consistirá en mellorar a achega do recurso hídrico ao sistema de abastecemento executando unha nova captación directamente no río Ferreira.

Tamén será necesario, para garantir as necesidades de abastecemento e de almacenamento e regulación que posúe o depósito actual, instalar un novo grupo de bombeo de maior potencia que o actual e unha pequena impulsión ademais de aumentar a acometida eléctrica existente, así como un equipo de cloración con medición en continuo.

A emerxencia desta obra está xustificada polos problemas de desabastecemento que está a rexistrar a parroquia de Recelle, pois o sistema de abastecemento municipal, que subministra auga a 500 veciños e á maior concentración de granxas gandeiras do concello, nítrese da auga que se extrae de tres pozos e rexistra dificultades de abastecemento.

A pesar de ser unha época tradicionalmente húmida, actualmente estes tres pozos encóntranse practicamente secos, o que produce grandes problemas de falta de recurso á poboación e unha importante deterioración das bombas existentes, así como do depósito de regulación do sistema.

A declaración de emerxencia ven xustificada por esta situación, xa que se trata dun problema estrutural no que unha solución temporal, como o emprego de cisternas non solucionaría a cuestión.

Os técnicos de Augas de Galicia xa se teñen desprazado ata o concello para analizar e avaliar a situación e comprobar a viabilidade desta solución de emerxencia. Pola súa banda, o Concello comprometeuse a poñer á disposición da Xunta os terreos necesarios para a execución da obra.

Escaseza de choivas

Desde a Consellería de Medio Ambiente sinálase que esta situación de emerxencia que se dá no concello de Portomarín está relacionada coa situación de escaseza de precipitacións en que se atopa a Comunidade galega desde a primavera e o inicio de verán do pasado ano.

A situación mellorou de xeito transitorio polas choivas de outubro e novembro. Non obstante, a escaseza de precipitacións entre decembro de 2011 e xaneiro de 2012, os meses tradicionalmente máis chuviosos, fan que Galicia se atope baixo un episodio de seca. No que levamos de mes, as precipitacións tampouco foron abundantes e as previsións son que resulte tamén un mes moi seco.